



6

**unha
cousiña cousa**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística




Obxectivos

Obxectivos desta unidade:

- ❖ Como describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento
- ❖ Como expresar opinións
- ❖ Como relatar experiencias

Coñecemento do código

- ❖ Léxico sobre obxectos de uso cotián
- ❖ Léxico da tecnoloxía
- ❖ Léxico de xogos e xoguetes
- ❖ Copretérito
- ❖ A comparación
- ❖ Acentuación II



Actividade introdutoria

Escoita esta nena que fala cos seus avós. 


Cal é a temática da conversa?

Coñeces os xogos ou xoguetes dos que se fala na audición?

Coñeces outros xogos tradicionais?

Con que xogabas de neno/a?





Gramática e léxico

Prácticas guiadas

COPRETÉRITO

O copretérito úsase para:

- Falar de hábitos e costumes no pasado.

De rapaz xogaba á billarda.

- Describir situacións no pasado: circunstancias referidas a un momento do pasado.

Cando era pequena e xogaba na praza, un día caín.

- Comparar o pasado co presente.

Antes fumaba, agora xa non fumo.

1. Que será unha cousiña, cousa.

Que será unha cousiña
cousa, cinco bois e a
chavella, e terra branca
e semente negra?

*Os dedos, a pluma, o papel
e a tinta*

Que será unha cousiña,
cousa, meter o duro
dentro do brando, que
será aquilo que queda
colgando?

Os pendentes

Anda e non ten patas,
come e non ten boca,
toda a comida lle
parece pouca.


O meniño

Que será unha cousiña,
cousa, unha rea de "se-
ñoritas", cando mexa
unha, mexan todas.

As tellas

A Sabes algunha adiviña? Propónllela aos teus compañeiros a ver se atinan de que se trata.

B Intenta crear algunha cun obxecto moderno. Os teus compañeiros terán que adiviñar que é.



Describir obxectos


FORMA	MATERIAL	USOS	PROPIEDADES
é alto/a	é de tea	serve para	pódese comer
baixo/a	coiro	úsase para	dobrar
alongado/a	pel	emprégase en	rachar
estreito/a	plástico		non se pode comer
ancho/a	madeira		dobrar
redondo/a	ferro		rachar
caadrado/a	aceiro		
	cristal		
	papel		

2. Inventos.
En parellas.
Alumno A.

Elixe cinco destes obxectos ou cousas e escribe unha frase que os describa e que reflicta como estes inventos cambiaron a vida da xente. O teu compañeiro terá que adiviñar de que invento se trata.

ordenador	o lume	papel	tarxeta de crédito	neveira
radio	o garfo	xabón	as lentes	

- Pode ser de madeira, de aceiro, é alongado. Hai moitos anos a xente comía coas mans, agora usa este utensilio.
- O garfo.



Alumno B.

Elixo cinco destes obxectos ou cousas e escribe unha frase que os describa e que reflicta como estes inventos cambiaron a vida da xente. O teu compañeiro terá que adiviñar de que invento se trata.

internet	bolígrafo	teléfono	diñeiro	coche
televisión	xornal	o plástico	a roda	a cremalleira

- Ten rodas e consome abondo. Antes a maioría da xente movíase a pé ou a cabalo, agora chégase axiña a todas as partes con el.

-O coche.

3. O mundo da informática.

Asocia estes termos cos debuxos:

- 1. impresora
- 2. teclado
- 3. cámara web
- 4. CD-rom
- 5. rato
- 6. disquete
- 7. alfombríña
- 8. táboa
- 9. lapis (pen drive)
- 10. monitor



		Cando fíxoas prácticas na tes. curso				Total
"Cando fíxoas prácticas na tes. curso"		Siempre	A veces	Nunca		
"Cando fíxoas prácticas na tes. curso"	Siempre	10	3	3	16	
	A veces	78	44	100	222	
	Nunca	57	104	183		
	comprados					
A veces	Siempre	0	3	3	6	
	A veces	44	78	75	197	
	Nunca	104	183	100		
	comprados	0	0	0	0	
Nunca	Siempre	3	3	3	9	
	A veces	100	75	75	250	
	Nunca	183	100	100		
	comprados	0	0	0	0	
Total		16	197	250	463	

O COMPARATIVO

A expresión comparativa fórmase dous elementos:

1. o primeiro: un adverbio que indica se o grao da comparación é de igualdade, superioridade ou inferioridade (*tan, máis, menos*).
2. o segundo: as partículas **que/ca/do que** ou **coma/como** máis o elemento co que se realiza a comparación.

- Comparativas de **superioridade ou inferioridade**: **ca, que** ou **do que** (se a segunda parte é un verbo)

traballa máis ca antes

é máis listo ca/que un allo

fala máis do que debe

- Comparativas de **igualdade**: **como** ou **coma**

estaba tan namorado coma min

é tan bo xogador como/coma o seu irmán

Úsase **ca** ou **coma** cando o segundo elemento da comparación é un pronome persoal (min, ti, el/ela, nós, vós, eles/elas):

é máis alta ca min

é tan intelixente coma el

A partícula **ca** contrae co artigo:


	o	a	os	as
ca	có	cá	cós	cás

Agora estudo máis có ano pasado.

O avión é máis rápido có coche.

Cando **ca** vai seguido da preposición **a** non se fai contracción

Téñolle máis medo a el ca a ela.



COMPARATIVOS IRREGULARES

maior/meirande (grande)

menor (pequeno)

mellor (bo)

peor (malo)

superior (alto)

inferior (baixo)


4. Pasado e presente.

Con que frases te identificas? Coméntao cos teus compañeiros. Engade un par.

1. Antes traballaba menos ca agora.
2. De pequeno/a non me gustaba o peixe, agora tómo tres veces á semana.
3. Antes tomaba café pola mañá, agora tomo té.
4. Hai anos lía o xornal en papel, agora léoo na internet.
5. Cando tiña quince anos non saía nunca polas noites, agora saio as fins de semana.
6. Antes erguíame ás oito da mañá, agora érgome antes.
7. De pequeno vivía no campo, agora vivo na cidade.
8. Cando era novo/a era máis tranquilo/a.
9. Antes fumaba e agora deixei o tabaco.
10. Antes xogaba ao tenis e agora xa non xogo.
11.
12.

- *Antes era máis tranquilo ca agora.*

- *A min pásame o mesmo, agora estou máis nervioso ca antes, traballo demasiado.*



En que ocasións recibías regalos cando eras pequeno? Que che regalaban? Que reciben agora os rapaces? Cando? Escribe cinco frases.

- *A min sempre me regalaban bonecas o día do meu santo. Non chegaba Papa Noel, eran os Reis Magos os que nos traían regalos: unha bicicleta, un tren eléctrico...*

5. A volta ao cole.

Lembras o primeiro día da "volta ao cole"? Escribe un texto de 20 liñas (unhas 200 palabras) no que expliques como te sentías.

Compárao coa volta ao traballo despois das vacacións.

Antes, cando era pequeno, o día da volta ao cole sentíame

_____.

Estaba moi _____ porque _____

_____.

Agora, cando volvo ao traballo despois das vacacións

_____.





AGUDAS □ □ □	GRAVES □ □ □	ESDRÚXULAS □ □ □
<i>televisión</i> <i>internet</i>	<i>móvil</i> <i>rato</i>	<i>teléfono</i>

2. Pronuncia en voz alta as palabras da táboa.

3. Podes extraer algunha regra para a aparición do til? Relaciona a seguinte información:

- | | |
|------------------------|---|
| a) Palabras agudas | Levan til cando non rematan en -n, -s nin en vogal (<i>móbil</i>) |
| b) Palabras graves | Levan til sempre (<i>teléfono</i>) |
| c) Palabras esdrúxulas | Levan til cando rematan en -n, -s ou vogal (<i>televisión</i>) |



1. Mira estas imaxes.



20/06/1975



18/08/1998




25/03/2000

2. Comenta co teu compañeiro ou compañeira de que cres que se acorda Inés?

- Creo que se acorda de cando era pequena e xogaba no seu bambán, daquela tiña 6 anos e vivía cos seus pais e cos seus avós na aldea, era unha nena moi feliz.

3. E ti? Tes algún recordo daqueles anos? Onde estabas? Que facías? Vivías mellor ca agora?

4. Escribelle unha carta a un amigo da infancia ou xuventude (unhas 20 liñas) lembrando aqueles anos (os veráns, as festas, o primeiro amor...).



Contido sociocultural

1. Lede o seguinte texto.

Inventores

Un controlador de velocidade para automóbiles e unha cuberta automática de piscinas gañan o Premio Galicia Innovación Junior.

O lucense Efrén López Ferreiro, na categoría de 16 a 18 anos, e a compostelá Rosalía Gómez Lasheras, na de 12 a 15 anos, son os gañadores da V Edición do Premio Galicia Innovación Junior, convocado pola Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. O seu esforzo premiarase con cámaras fotográficas, reprodutores dixitais de música ou ordenadores portátiles.


O traballo polo que foi premiado Efrén López consiste nun "sistema radiotransmisor de limitacións de velocidade viaria". O sistema está deseñado para todo tipo de condutores, sexan noveis, expertos ou profesionais, e está pensado para evitar distraccións ou perda de atención ao volante.

O segundo premio recaeu en Almudena Novoa polo traballo titulado "CSI: cinto de seguridade intelixente". O invento supón unha mellora –a través dun sinal acústico– con respecto aos sistemas que se utilizan actualmente para llos lembrar aos usuarios dun coche que poñan o cinto.

Na categoría dos máis novos, gañou Rosalía Gómez cun sistema de cuberta automática para piscinas. Unha solución para protexer da chuvia a auga de piscinas. Un sistema incorporado á piscina desprega unha cuberta sobre esta en canto detecta que está chovendo.

O segundo premio foi parar a Pablo Loureiro que presentou o invento dun depósito para aproveitar a auga da chuvia en vivendas unifamiliares. A proposta parte da idea de non desperdiciar a auga que cae no tellado, recolléndoa para despois utilizala





en cisternas e sistemas de regadío.

Entre os gañadores dos accésits na categoría de 16 a 18 anos están, entre outros, Francisco Alonso cunha debulladora de espigas e Efrén López cun sistema de antibloqueo para goteiros sanitarios.

Entre os gañadores dos accésits na categoría de 12 a 15 anos figuran: Álvaro Rodríguez, cunha alarma antirrobo para mochilas: sistema que avisa cando se abre a cremalleira dunha mochila mediante unha alarma sonora e un dispositivo vibrador. E M.^a Goretti Balsa e Leticia Cortiñas co Pipaplus: sistema que incorpora ás bolsas de pipas un dispositivo que serve para botar as cascas sen manchar o chan.

Adaptación de Galicia-Hoxe.com, 23/06/2007

2. Cal dos inventos do texto que acabas de ler che parece máis interesante? Por que?
3. Que premios recibirán os inventores?
4. Inventaches ti algo algunha vez?
5. Podes describirlles o teu invento aos teus compañeiros para que adiviñen de que se trata e para que serve?
6. Recibiches algún premio polo invento? Que?
7. Cal cres que foi o mellor invento da historia? Por que?

A educación antes e agora.

1. Comenta co teu compañeiro.

- Antes no ensino usábase máis a memoria ca agora?
- Antes os estudantes razoaban máis ca agora?
- Había máis participación antes nas clases?
- Os profesores eran máis estritos antes?
- Antes os alumnos respectaban máis os profesores e os compañeiros ca agora?
- Que opinas das escolas mixtas? E das aulas interculturais?

2. Escoita estes profesores que falan sobre o ensino de antes e o de agora. 

3. Que opinas ti? Pareceche que o ensino era mellor antes ca agora? Por que?

4. Escribe sobre a túa escola un texto dunhas 20 liñas:


tipo de escola

como eran os profesores

cal eran as materias preferidas

gustábache ir...





Repaso

1. escoita a Raquel e a Sara. 

A Que cousas cambiaron na vida de Raquel? Escribeas.


B Compara as respostas coas do teu compañeiro.

C E na túa vida? Cambiaron moitas cousas? Escribeo.

2. Pregúntalle ao teu compañeiro ou compañeira sobre a súa infancia. Podes usar as ideas do cadro.

programas/televisión
con quen/compartir cuarto
deportes/practicar
comidas/gustar
música/escoitar os pais
pai/ter coche
amigos/xogar na rúa
...

- *Cando eras pequeno, tiñas televisión na túa casa? Que programas vías?*



Portfolio

É mellor ca

1. Busca compañeiros que teñan os teus mesmos gustos (serie A ou B). Elixide varios termos ou elementos da mesma serie.

A

campo
comida caseira
café
carne
familia tradicional
xogos populares: papaventos,
billarda, bambán...

B

cidade
pratos preparados
leite con cacao
vexetariano
novas relacións
novas tecnoloxías: internet,
vídeo xogos...

-Gústache máis o campo cá cidade?

2. Cada membro do grupo escribe polo menos unha frase defendendo o seu termo e comparándoo co outro da outra serie.

- Xogar cun papaventos polo campo ou pola praia é mellor ca pasar horas diante dunha videoconsola, porque é máis sano e divertido que estar toda a tarde sentado.

3. En cada grupo elixense as mellores frases.


4. Posta en común co resto da clase.



Que sei fazer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento			
Comparar			
Expresar opinións			
Relatar experiencias			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria.

NENA: Avoa, e cando eras nena, a que xogabas?

AVOA: Ai, filliña, daquela non tiñamos tanto tempo coma agora, había que traballar moito.

NENA: Pero algún xoguete terías, ou?

AVOA: Si, faciamos bonecas coas espigas de millo e peiteabámolos. Tamén xogabamos cos outros rapaces á roda, ao arrin-catenabos, e á raia pequena.

AVÓ: E nós xogabamos á pelota, aínda me lembro da primeira! Era de trapos, e que ben corría! Despois, un día, chegou o padriño da feira cunha de goma, ata que bateu nun croio e furou. Tamén xogabamos á billarda e ao marco.

NENA: Á que?

AVÓ: Á billarda. Xogábase con dous paus, o que lanzara o pau pequeno máis lonxe gañaba.

NENA: E como se xogaba ao marco?

AVÓ: Pois era moi fácil, había que poñer unha pedra chantada no chan e íanselle tirando outras a unha distancia duns cinco ou seis metros ata tirala.

NENA: Daquela non iades á discoteca. E as festas?

AVOA: Ai, as festas! Aquelas si que eran festas! A última era o San Miguel en Cibreiro.

AVÓ: Non, muller, aínda quedaba o San Lucas en Santa Cristina, e a que non atopara mozo naquela xa non o atopaba en todo o ano. Había que esperar ata a Pascua en Vilasión.

AVOA: Tes razón. E as festas eran de día, ao escurecer xa se volvía para a casa, que non che había luz eléctrica. E non coma agora que volvedes co día entrado. E levabamos os zapatos na man para non luxalos, que podía haber lama no camiño!

NENA: E nos pés?

AVOA: Uns zoquiños.

AVÓ: Pero pasar pasabámolo ben. Cando viña o tempo da esfolia xuntabámonos todos os veciños, unha noite na casa duns, outra na doutros, non coma agora cada un na súa diante da televisión ou do ordenador.


AVOA: Si, e a fiar. Xuntabámonos nunha corte ás noitiñas, as mulleres fiabamos, os homes contaban contos, un saía cunha cántiga, outro botáballe outra a desafío e xa estaba armada a troula.

NENA: E cando descansabades?

AVOA: Os domingos, ese día non se podía fiar nin tecer nin calcetar, que seica toleaban as ovellas.

NENA: E botades de menos aqueles tempos?

AVOA: E como non os imos botar! Eramos máis novos e tiñamos máis saúde ca agora, aínda que traballar tamén che había



que traballar máis e máis duro. Agora con tanta máquina xa non se traballa tanto coma antes.

AVÓ: Pero o peor foi despois, veu a guerra e moitos tivemos que marchar e as mulleres tiveron que encargarse da casa, dos fillos e da facenda.

AVOA: Si, niso é mellor non pensar.

2. Fonética e ortografía.

Escoita estas palabras e clasifícaaas na táboa.

teléfono	rede	autobús
móbil	xabón	fácil
televisión	ciclomotor	impresora
rato	vídeo	lapis
internet	carácter	bolígrafo
tesoiras	xornal	inglés
culler	imaxe	téxtil
parábola	avión	ordenador
balón	café	educación
cámara	electrónica	cántiga
tixola	xoguete	mamá

3. Modelo actividade Celga.

A educación antes e agora.


PACO: Liches o artigo de onte do xornal sobre educación?

ANA: Si, pero non estou de acordo con todo o que dixeron. Eu creo que a educación que reciben os nosos fillos hoxe é mellor cá de antes. Antes só se usaba a memoria e os alumnos non aprendían a razoar.

PACO: Pero agora o gran problema é que os rapaces non poñen interese nos estudos e non respectan o profesor. Non prestan atención nas clases e así non aprenden nada.

ANA: Eu creo que antes a relación cos profesores era moito peor. Os profesores eran moi estritos e non facilitaban a comunicación co alumno. Ademais, estábamos separados rapaces e rapazas e iso non é bo para a vida onde todos estamos xuntos.

PACO: Si, pero a atención na clase e o silencio eran moito maiores e iso facilitaba a aprendizaxe.



ANA: Eu non creo que iso fora aprender: non podías participar nin facer preguntas e moitos quedaban polo camiño.

PACO: Agora as escolas son mixtas, pero tamén se perden moitos alumnos, porque cando un alumno non pon interese polo que está aprendendo non ten solución.

ANA: Eu creo que o importante é convencer o alumno de que ten que aprender para buscar un lugar na vida e facilitarlle o traballo para seguir camiñando, pero se el non se esforza por estudar, o sistema non vai poder facer nada por el.

4. Regalo.

Escoita a Raquel e a Sara.

SARA: Raquel, véxote moi ben, que boa cara tes!

RAQUEL: Si, ultimamente cóidome moito máis.

SARA: Pois non sei que fas, pero estás estupenda.

RAQUEL: Non foi fácil, pero agora estou mellor. Xa non como nos restaurantes coma antes, agora só como na casa: peixe, verduras, froita...

SARA: E non tomas carne?

RAQUEL: Si, pero cocida ou á prancha. Ademais antes fumaba e agora deiseino... E fago moito deporte, vou nadar tres veces á semana.

SARA: E que tal no traballo?

RAQUEL: Moito mellor, aínda que traballo menos. Antes non saía da oficina, agora só estou o necesario.

SARA: E xa non levas traballo para a casa?

RAQUEL: Nin falar! Na casa aproveito para ler, déitome cedo e érgome de mellor humor. Antes durmía moi pouco...